

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA MENDE
CURSO:3º ESO
MATERIA:FÍSICA Y QUÍMICA
DEPARTAMENTO:FÍSICA Y QUÍMICA
DATA:7 MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñece as magnitudes fundamentais e derivadas, as súas unidades no S.I. e expresa medidas en unidades del S.I. utilizando sempre factores de conversión, así mesmo asume que un resultado ten que expresarse sempre co símbolo da magnitude, o número da medida e imprescindible sempre a unidade que da sentido ó resultado. Identifica a magnitude que se mide nunha medida	En diferentes medidas sabe identificar a magnitude que se mide e expresar esa medida en unidades do S.I. aplicando factores de conversión
Coñece a notación científica	Pode escribir calquera medida utilizando a notación científica
Coñece a teoría atómica de Dalton e a estrutura interna do átomo e as partículas	Entende o átomo e as ideas de Dalton así como diferencia partículas subatómicas
Coñece os modelos atómicos de Thomson, Rutherford e Bohr	Coñece a evolución do modelos para explicar como é o átomo
Sabe caracterizar un átomo e coñece o concepto de isótopo e identificalo	Pode caracterizar un átomo con A e Z e entende en que se diferencian os isótopos e que teñen en común
Coñece as zonas do átomo, as partículas subatómicas e entende cal é elemental	Pode ubicar no átomo as partículas subatómicas e comprende o concepto de elemental
Sabe calcular Z e A e a partir deles calcular nº de partículas elementais e viceversa	Resolve exercicios nos que calcula A e Z a partir de nº de partículas elementais e viceversa
Sabe escribir a configuración electrónica dun átomo partindo do seu número atómico e indicar o número de electróns de valencia e indicar os ións estables ós que da lugar	Utiliza o diagrama de Bóhr para escribir configuracións electrónicas, identifica electróns de valencia e sabe que ión estable da lugar cada átomo
Coñece o nome e símbolo dos elementos da táboa periódica, as familias, diferenciar metais e non metais e a clasificación periódica	Sabe escribir correctamente o símbolo dos elementos químicos e o ubica na táboa periódica
Sabe explicar a formación dos dous tipos de ións, os seus nomes e diferencialos	Explica con ecuación de gañancia ou perda de electróns a formación de anión e catión
Coñece, diferencia e aplica os conceptos de masa atómica e molecular e masa molar	Diferencia en exercicios a masa atómica, molecular e molar e as súas unidades
Define e diferencia cambios químicos de físicos	Entende a diferencia entre Física e Química
Diferencia reactivos e produtos de una reacción química	Sabe escribir os termos dunha ecuación química e diferencialos
Coñece o concepto de velocidade dunha reacción química e os factores	Entende que as reaccións son máis ou menos rápidas e coñece que factores

que inflúen nela	inflúen niso
Coñece o significado das reaccións químicas e as axusta comprendendo o significado dos coeficientes estequiométricos	Sabe colocar coeficientes estequiométricos nunha ecuación química para axustala
Coñece a teoría das colisións	Entende porqué ocorre unha reacción química aplicando a teoría das colisións
Comprende o concepto de mol, masa molar, número de moléculas e os aplica en exercicios de diferentes tipos de sustancias: sólidos, disolucións, gases	Resolve exercicios manexando os cálculos de masa molar, mol, nº de moléculas, ecuación de los gases e molaridade dunha disolución
Define electrización e explica as súas formas	Comprende a electrización como o fenómeno para adquirir propiedades eléctricas e coñece s diferentes formas
Entende a natureza eléctrica da materia	Relaciona a natureza eléctrica da materia coas partículas subatómicas, en concreto, coa transferencia de electróns
Coñece as propiedades da electricidade	Entende que a electricidade se almacena e se confina na súa superficie
Define e diferencia carga eléctrica, carga eléctrica elemental e carga neta, así como coñece a unidade de carga e os seus submúltiplos	Diferencia todos esos conceptos e os aplica
Coñece, debuxa e explica o electroscopio	Sabe explicar o electroscopio para detectar a carga eléctrica
Coñece a lei de conservación da carga	Entende que a carga permanece constante nun sistema aislado
Resolve exercicios de perda e gañancia de electróns, cálculo dos mesmos e signo e cálculo da carga adquirida	Entende que os electrón se perden ou se gañan e o corpo adquire carga, sabe calcular dita carga e os electróns intercambiados
Sabe enunciar e aplicar en exercicios a lei de Coulomb e explica porqué a forza é de atracción ou de repulsión	Resolve exercicios para calcular forza entre cargas, carga, distancia entre cargas ou constante k aplicando a Lei de Coulomb
Define magnetismo, sabe o que é un imán, coñece as súas características e a súa clasificación así como os polos magnéticos	Relaciona magnetismo con imán, sabe clasificar os imáns e cales son as súas características
Explica as bases do electromagnetismo	Coñece as experiencias de Oersted, Ampere y Faraday
Coñece e explica o Efecto Oersted	Entende a relación entre magnetismo e corrente eléctrica
Coñece as forzas magnéticas, o electromagnetimo e os efectos magnéticos da corrente eléctrica	Diferencia forzas eléctricas e magnéticas
Define inducción electromagnética	Explica que ocorre si se move un imán dentro dunha espira

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 7	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Na 1ª e 2ª avaliación se tivo en conta as probas escritas, o comportamento, o traballo na aula e na casa. Na 3ª avaliación debido á non asistencia presencial atenderase as directrices marcadas pola Consellería: a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020,</p>
	<p>Instrumentos: Na 1ª e 2ª avaliación: probas escritas, chamadas en clase, observación do comportamento dx alumnx. Na 3ª avaliación se lles manda traballo ben para afianzar as avaliacións anteriores ou ben traballo específico para poder recuperar avaliacións anteriores suspensas</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta as dúas primeiras avaliacións e pode subirse ata 1 punto polo traballo da 3ª se este é adecuado, no caso de avaliacións suspensas depende do traballo que se lle mandou ó alumno. Dita proba contén conceptos básicos e importantes que deben ser coñecidos e asimilados polx alumnx neste curso, ademáis tendo en conta que poden consultar libro, libreta e consultarme a mín a proba debe estar resolta na súa totalidade de modo satisfactorio para que a nota sexa 5</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Entrarán os contidos da 1ª e 2ª avaliación recollidos no punto 1 deste documento, e á espera das instrucións referentes a se dita proba é presencial ou non</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Antes da suspensión das clases polo estado de alarma xa se fixera unha proba da metade da asignatura, despois do estado de alarma continuouse este proceso de avaliación enviando a cada alumnx unha proba que debía facer na súa casa e enviala de novo feita, o procedemento de comunicación é a través da aula virtual e do correo electrónico. Dita proba contén conceptos básicos e importantes que deben ser coñecidos e asimilados polx alumnx neste curso, ademáis tendo en conta que poden consultar libro, libreta e consultarme a mín a proba debe estar resolta na súa totalidade de modo satisfactorio para obter un 5 Os conceptos dos que se tiveron que examinar tanto na proba presencial como no traballo non presencial se lles deu a cada un a principio de curso por escrito</p>
	<p>Criterios de cualificación: Terase en conta a nota da primeira proba feita</p>

	<p>de modo presencial e a proba non presencial, dita proba contén conceptos básicos e importantes que deben ser coñecidos e asimilados polx alumnx neste curso, ademáis tendo en conta que poden consultar libro, libreta e consultarme a mín a proba debe estar resolta na súa totalidade de modo satisfactorio par obter un 5</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: A primeira proba escrita e presencial e a outra proba feita non presencial</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Repaso e Reforzo: Na aula virtual semanalmente poñense actividades relacionadas coa teoría e exercicios que xa teñen nas súas libretas e que se deron presencialmente. Recuperación: Traballos específicos para cada alumnx según o que debían recuperar se lles mandaron a todos por correo electrónico
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A través de correo electrónico ou da aula virtual se lle manda ó alumnado as tarefas que ten que realizar
Materiais e recursos	Poden consultar o seu libro de texto e as súas libretas, no caso de que algún alumno me pida ampliación mandaríallo pero ata agora non foi o caso

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Empregarase o correo electrónico e a aula virtual
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.